



Curso 2020- 2021

A entrada no cole é un cambio importante na etapa dos nen@s, na que saen dunha contorna familiar coñecida e entran nunha contorna que para eles é descoñecida. Por iso, se fai necesario ter un periodo de adaptación, un tempo necesario para que os nenos e nenas se acomoden á aula, ás novas rutinas escolares, aos mestres e aos novos compañeiros.

- Queremos darvos algunhas **recomendacións** antes de que entren no cole:

- Falarlle do cole positivamente
- Sede puntuais, tanto nas entradas como nas saídas
- Quitar o chupete
- Acostar pronto aos nenos para que durman o suficiente.

- Regularizar o control de esfínteres. Non se muda aos nenos/as.

- Non se poden traer ao cole xoguetes da casa

- Fomentar a súa autonomía (comer só, vestirse...)

- Traer roupa cómoda, fácil de subir/baixar e o calzado con velcros.

A roupa e a súa mochila que veña identificada co nome.

- A merenda de media mañá, procurade que sexa saudable. Traede unha botella de auga para beber.

- Se traen bebibles, preferiblemente que sexan con tapón.

DURANTE O PERIODO DE ADAPTACIÓN

- Tratade de que as despedidas sexan breves.
- Non lle digades que quedades detrás da porta nin que estades fóra esperando
- Poden aparecer choros, rabietas, negarse a ir ao cole... Debedes de actuar con calma e con paciencia, entendendo que é un momento difícil para os peques pero recalcando o positivo de ir ao cole. Non comparedes aos nenos, xa que cada un ten un ritmo madurativo diferente.
- Aproveitade para falar con eles do que fixeron na aula, a quen coñeceron...

ORGANIZACIÓN DO PERIODO DE ADAPTACIÓN

O horario durante o período de adaptación é flexible, e para facilitar a súa incorporación establécense dous grupos, quedando planificado da seguinte maneira:

Xoves 10 e venres 11 de setembro	Grupo 1 de 11:15 a 12:15 Grupo 2 de 12:45 a 13:45
Do 14 ao 18 de setembro	Grupo 1 de 09:30 a 11:15 Grupo 2 de 12 a 13:45
Do 21 ao 25 de setembro	Todos xuntos de 11 a 13:45
Do 28 ao 30 de setembro	Todos xuntos de 09:45 a 13:45

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO COLE E DA AULA

- As entradas e saídas ao cole serán escalonadas en diferentes horarios e por diferentes portas. Ao alumnado de 4º de Infantil correspóndelle entrar ás 09.10 pola porta lateral.

As saídas serán ás 13:45 pola porta lateral

- Puntualidade nas entradas e saídas. Non amontoarse nas portas, hai que gardar as distancias interpersoais.

- Non se permite a entrada aos pais/nais/titores legais ao cole en horario lectivo.

- A comunicación familia-escola, seguindo as recomendacións do protocolo Covid, será

preferentemente telemática. Tanto para pedir citas para titorías como para xustificar as faltas deberán facerse pola plataforma Abalar ou por vía telefónica.

- Os teléfonos deben estar operativos por se hai que chamar nalgún momento da mañá á casa.

- É importante comunicar, tanto á titora como ao centro, se o neno/a ten algunha alerxia, algún problema alimentario (intolerancia...), algunha enfermidade crónica ou grave.

- Nos aniversarios dos nenos/as non se poden traer tartas, nin repartir ningún obxecto que non poida ser facilmente desinfectado.

-Medidas excepcionais debido ao protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19:

- × Mascarilla ao entrar ao cole, e sempre que saia da aula. Ademais deben traer unha de reposto e un estoxo para gardala.
- × ventilación frecuente das aulas e do centro.
- × lavado frecuente das mans
- × En educación infantil, a organización do alumnado establecerase, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. Debe garantirse a estanquidade do grupo de convivencia estable en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo

× Dentro da aula, traballarase mediante grupos colaborativos de máximo 5 alumnos/as, que se constituirán como subdivisión dos equipos estables.

× Desinfección dos xoguets e retirada daqueles que non poidan ser facilmente desinfectados.

× Non mandar ao neno/a con febre nin con ningún medicamento que enmascare a febre (dalsy, apiretal...)

× compromiso das familias a tomar a temperatura e facer a enquisa clínico-epidemiolóxica antes de acudir ao centro.

× non acudir ao cole no caso de ter algún sintoma compatible coa Covid 19 ou se está en situación de corentena. As ausencias por este motivo están xustificadas legalmente.

× informar ao centro no caso de que haxa un resultado positivo.